

CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas ós/ás solicitantes ou aos inmobles para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que no estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación (OdR) e constatada no proxecto ou na súa execución.
- c) A grave incorrección técnico-construtiva das obra, apreciada pola OdR e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovble.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á OdR.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstáculo do acceso ás obras ós/ás técnicos/as da OdR por parte do/a promotor/a ou do/a contratista.
- h) Realizar modificacións nos documentos técnicos.